

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 30/07/2020.**

Concelleiras e concelleiros presentes:

Alcalde-Presidente:

Secundino García Casal

Asistentes:

BNG:

María del Carmen Muiño Filgueira

Manuel Varela Mecías

María Amparo Calvo González

Manuel Beceiro Couce

Ana Belén Breijo Gundín

Tomás Calvo García

PP:

María Belén Trigo Meizoso

María Esther Díaz Vergara

José Luis Hermida Prieto

PSOE:

Lois Anxo Rodríguez Calvo

Secretario-interventor:

Miguel A. Arroyo Moreno

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as dezanove horas e trinta e dos minutos do día trinta de xullo de dous mil vinte, comparecen as concelleiras e concelleiros arriba indicados, en presenza do devandito secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde en cumprimento do establecido no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e no Regulamento Orgánico deste Concello.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, iníciase a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

### **I.- PARTE RESOLUTIVA:**

#### **PRIMEIRO. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIA DO 28/05/2020 E EXTRAORDINARIA DO 13/06/2020.**

Dase conta das actas das indicadas sesións. A Sra. Trigo indica que non recibiron correctamente unha das actas, a da sesión do 13/06/2020, polo que solicita que a súa aprobación quede sobre a

mesa ata a próxima sesión; Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación coa acta da sesión ordinaria do 28/05/2020. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma, quedando sobre a mesa a aprobación da acta da sesión extraordinaria do 13/06/2020.

## **SEGUNDO. MODIFICACIÓN PUNTUAL DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS EN RELACIÓN CO CASTELO DE NARAÍO.**

Dase conta da proposta da Alcaldía en relación co asunto, que literalmente di:

### **“ANTECEDENTES**

No ano 2018 asinou o Convenio de cooperación entre a Deputación provincial da Coruña e o Concello de San Sadurniño polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de conservación e mellora da accesibilidade do Castelo de Naraío.

No marco dese convenio levouse a cabo o proxecto OBRAS DE CONSERVACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DO CASTELO DE NARAÍO.

Unha vez executado o proxecto e rematadas as obras, é preciso modificar o Inventario municipal de bens para inserir as modificacións efectuadas no dito proxecto.

Neste senso, a Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación, para o seu debate e aprobación, a seguinte

### **PROPOSTA**

Incorporar na ficha do Inventario municipal de bens con código 2DRR07600001, relativa ao dereito real sobre Castelo de Naraío o seguinte:

“Realizáronse obras de conservación e mellora da accesibilidade por un importe de 169.871,90 euros, sendo cofinanciadas polo 80% do importe executado pola Deputación provincial, no marco do “Convenio de cooperación entre a Deputación provincial da Coruña e o Concello de San Sadurniño polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de conservación e mellora da accesibilidade do Castelo de Naraío”.

As actuacións desenvolvidas recóllense no proxecto técnico OBRAS DE CONSERVACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DO CASTELO DE NARAÍO, redactado por José Antonio Alonso, e o proxecto de intervención arqueolóxica redactado por Manuel Anxo López-Felpeto Gómez, ambos realizados por encargo da Xunta de Galicia, e aprobados pola Xunta de Goberno Local do 11 de outubro de 2018.

Consta no expediente a autorización expresa de data do 19/10/2018, da Fundación Casa de Alba, propietaria do Castelo, para a realización das obras do citado proxecto.

As obras foron executadas por DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. (B-70218185), e consistiron principalmente na limpeza e roza do enclave, na realización de accesos, percorridos e sendeiros, a posta en valor da torre da homenaxe, e a realización de catas e estudos arqueolóxicos.

Asemade, o Castelo de Naraío queda afectado para a finalidade pública para a que foi concedida a subvención da Deputación provincial por un prazo mínimo de 10 anos dende o remate das actuacións.”

A proposta foi ditaminada favorablemente pola Comisión informativa competente. Ningunha das concelleiras e concelleiros solicita intervir.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda a aprobación da referida proposta da Alcaldía.

## **TERCEIRO. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS ENTRE OS CONCELLOS DE NARÓN E SAN SADURNIÑO.**

Dase conta da proposta da Alcaldía en relación co asunto, que literalmente di:

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A APROBACIÓN DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COLABORACIÓN PARA A PRESTACIÓN DE DIVERSOS SERVIZOS, SUBSCRITO ENTRE OS CONCELLOS DE SAN SADURNIÑO E NARÓN  
“ANTECEDENTES**

Os Concellos de Narón e de San Sadurniño acreditan no principio de colaboración interadministrativa e na necesidade de prestar coa maior eficacia e eficiencia posible as competencias municipais, facendo uso dos recursos dispoñibles e en aplicación do disposto nos artigos 56 e 57 da Lei 7/1985, e nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015.

Nomeadamente, ambos os concellos pretende mellorar a xestión dos recursos hídricos dunha zona colidante entre as parroquias de San Sadurniño e Pedroso, compartindo infraestruturas e servizos, nomeadamente facilitando que as casa lindeiras de Pedroso poidan verter as súas augas residuais na EDAR de San Sadurniño, a cambio de que o Concello de Narón asuma unha serie de servizos na dita instalación.

De cara a formalizar esta colaboración é preciso levar a pleno o convenio interadministrativo que formalice a dita colaboración.

Neste senso, a Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación, para o seu debate e aprobación, a seguinte

**PROPOSTA**

- Aprobar o Convenio interadministrativo de colaboración para a prestación de diversos servizos, subscrito entre os concellos de San Sadurniño e Narón, cuxo texto se recolle de seguinte:

**“CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A PRESTACIÓN DE DIVERSOS SERVICIOS, SUBSCRITO ENTRE OS CONCELLOS DE SAN SADURNIÑO E NARÓN**

En /San Sadurniño ou Narón, de de dous mil vinte.

**REUNIDOS**

Dunha parte o Concello de San Sadurniño, e no seu nome e representación o seu Alcalde-Presidente, D. Secundino García Casal, facultado para a sinatura deste documento polo Pleno municipal na sesión celebrada o \_\_\_\_\_; e en virtude do disposto e contemplado pola lexislación vixente.

Doutra parte o Concello de Narón, e no seu nome e representación a súa Alcaldesa-Presidenta, D<sup>a</sup>. Marián Ferreiro Díaz, facultada polas mesmas disposicións legais e polo acordo adoptado polo Pleno municipal desa localidade de data-----.

**EXPOÑEN**

Que as partes se recoñecen plena capacidade para firmar o presente Convenio.

**PRIMEIRO. - MARCO NORMATIVO**

Que o artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público faculta ás Administracións Públicas, seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes, no ámbito das súas respectivas competencias, á subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que iso poida supoñer cesión da titularidade da competencia.

Pola súa banda o artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante LBRL), prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos nese artigo, dispoñendo que exercerán, en todo caso e como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e da CCAA, o abastecemento de auga potable a domicilio e a evacuación e o tratamento das augas residuais.

Competencia que novamente se menciona na relación de servizos do artigo 26 de esa disposición legal, para todas aquelas entidades con independencia da súa poboación, ao citar de modo expreso o abastecemento domiciliario de auga potable e o alcantarillado.

Así mesmo o artigo 57 da LBRL, permite a colaboración e cooperación entre as administracións públicas, tanto na prestación de servizos locais como noutros asuntos de interese común; que se desenvolverá con carácter voluntario, podendo ter lugar, en todo caso, mediante a creación de consorcios ou convenios interadministrativos; en tanto que o artigo 198 da Lei 5/1997, da Administración Local de Galicia (LALGA), establece que as Entidades Locais poderán celebrar Convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. E prosegue decindo que as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, distribuír as subvencións outorgadas por unha delas con referencia ao ámbito territorial ou poboación doutra, executar

puntualmente obras ou servizos da competencia dunha das partes, compartir as sedes, locais ou edificios que sexan precisos para o desenvolvemento de competencias concorrentes, ceder e aceptar a cesión de uso dos bens patrimoniais, desenvolver actividades de carácter prestacional e adoptar as medidas oportunas para alcanzar calquera outra finalidade de contido análogo ás anteriores.

#### SEGUNDO.- SITUACIÓN XURÍDICA ACTUAL NA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS OBXECTO DESTE CONVENIO DE COLABORACIÓN

Na actualidade os municipios asinantes están a prestar os servizos referenciados a través dunha empresa mixta municipal de capital maioritariamente público, adxudicataria da súa prestación, no caso de Narón; en tanto o Concello de San Sadurniño ofrece aqueles servizos, por xestión directa, co seu propio persoal.

#### TERCEIRO.- SITUACIÓN FÍSICA DE VARIAS EDIFICACIÓNS

Os termos municipais de San Sadurniño e Narón atópanse ubicados no noroeste da provincia de A Coruña.

Nestes intres o Concello de Narón ten previsto executar na parroquia de Pedroso -onde existen varias vivendas ubicadas nas proximidades aos límites físicos ou lindeiros fixados entre os dous municipios asinantes- diversas obras de dotación de redes públicas que permitirán ás devanditas edificacións, o vertido a colectores de saneamento e a conexión a redes de abastecemento nese termo municipal; e cuxa optimización demandaría a execución dunha obra complementaria de conexión ás redes municipais do Concello de San Sadurniño, así como a utilización posterior do sistema de depuración ubicado nese termo municipal e o acceso provinte da estación de tratamento de auga potable (en adiante ETAP) dese concello.

#### CUARTO.- OBXECTO E CRITERIOS XERAIS DA COLABORACIÓN

Con independencia das competencias formais asignadas a cada Consistorio pola lexislación vixente; así como a necesaria cobertura, normativamente prevista, na prestación de determinados servizos públicos por parte doutras administracións públicas de ámbito territorial superior (que especialmente atinxe e afecta aos municipios de menor poboación) e da súa obrigatoriedade ou mero carácter potestativo, o certo é que o interese público que demandan as cidadanías de ámbolos dous concellos, así como a axeitada satisfacción das necesidades e aspiracións das respectivas comunidades veciñais, permiten acadar, e mesmo poden aconsellar, a búsqueda de solucións imaxinativas e novidosas que, dentro dun escrupuloso respecto e acatamento da normativa en vigor, sirvan para afrontar e resolver e superar os novos retos derivados da difícil situación socio económica pola que o Estado e as administracións públicas en xeral, están a atravesar.

O presente convenio ten precisamente por obxecto satisfacer cabalmente demandas municipais dun modo satisfactorio para as partes asinantes implicadas e, especialmente para as súas veciñanzas, por estimar e entender que a prestación polos seus propios medios ou a través de entidades supra municipais (en ocasións legalmente competentes) non permiten acadar os niveis de eficacia, dilixencia, calidade e satisfacción que a fórmula elixida agora, ofrece.

Se pretende pois regular a colaboración puntual entre os devanditos municipios de San Sadurniño e Narón para a prestación axeitada dun servizo público, esencial e reservado, de evacuación de augas residuais e abastecemento de auga a diversos inmobles ubicados no termo municipal de Narón (Lugar de A Portela – parroquia de Pedroso).

As actuacións derivadas do presente Convenio se realizan dentro dun escrupuloso respecto ao marco competencial establecido na normativa vixente en materia de réxime local, e posibilitan acadar unha solución medioambiental e sostible á problemática derivada da xestión do abastecemento de auga e dos residuos do saneamento das vivendas afectadas polo mesmo; tendo en conta as dificultades técnicas (perfís dos terreos e distribución actual do trazado) e económicas que suporía o vertido á actual depuradora de Pedroso, unha vez rematen as obras de execución desas redes do Concello de Narón.

A efectiva xestión deste servizo asegurará un axeitado tratamento deses residuos, minimizando desta forma o risco de afección a terreos colindantes sitios en ámbolos dous termos municipais.

Por todo canto antecede as partes

#### ESTIPULAN

Conveniar a colaboración referida de acordo coas seguintes

#### CLÁUSULAS

##### PRIMEIRA.- OBXECTO E ACTUACIÓNS A DESENVOLVER

Os Concellos asinantes acordan a través dun convenio de colaboración a prestación material dos seguintes servizos:

- O Concello de San Sadurniño facilitará, previa solicitude do Concello de Narón, o subministro de auga potable procedente da súa ETAP á rede municipal de auga do Concello de Narón existente no Lugar de A Portela (parroquia de

Pedroso), coa observancia dos requisitos contemplados no Real Decreto 140/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano. A cuantificación dos custos dese servizo de subministro aos veciños do termo municipal de Narón establecerase mediante memoria técnica a realizar no momento da solicitude do Concello de Narón e de acordo aos custes existentes no momento desta solicitude. Memoria técnica que establecerá un custe anual polo servizo.

- O Concello de San Sadurniño facilitará o vertido das augas residuais provintes das vivendas ubicadas na parroquia de Pedroso de Narón, na área recollida na memoria técnica que se adxunta, sendo responsable da súa depuración. A cuantificación dos custos da depuración dese servizo para a veciñanza afectada de Narón ascende anualmente a 2.460,16 €.

- O Concello de San Sadurniño faculta ao Concello de Narón para executar as obras e tarefas necesarias e precisas -para a axeitada dación dos servizos anteriormente citados- no seu termo municipal, de acordo coa memoria recollida no Anexo I. A tal fin corresponde a esa administración municipal recadar os permisos que precisos resulten para o bo fin desa actuación.

- O Concello de Narón faculta o uso dos tramos dos colectores de auga e de saneamento executados no termo municipal naronés, para a conexión de futuras ampliacións de redes executadas polo Concello de San Sadurniño nesa área.

- O Concello de Narón, a través da mercantil concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, COSMA, S.A, prestará un servizo de asistencia técnica, para a xestión da EDAR de San Sadurniño. A devandita asistencia técnica versará na elaboración das recomendacións precisas e oportunas para a axeitada xestión desa instalación, e implicará a realización de unha visita semanal ás instalacións da EDAR, de acordo co orzamento incluído como Anexo II deste documento.

#### SEGUNDA.- OBRIGAS DOS VECIÑOS BENEFICIARIOS

Os/As titulares das vivendas afectadas (ou que se executen) por este convenio fican suxeitos ás obrigas derivadas da normativa municipal de cada ún dos concellos asinantes.

#### TERCEIRA.- COMPENSACIÓNS INTER ADMINISTRATIVAS

En atención aos orzamentos elaborados, o Concello de Narón ingresara ao Concello de San Sadurniño unha cantidade que ascenderá a 153,44 € anuais, resultante da cuantificación dos custos de depuración reflexados no anexo I, descontando os custos de asistencia técnica reflexados no anexo II.

#### CUARTA.- INCUMPRIMENTOS

A inobservancia das obrigas reseñadas nas cláusulas anteriores polos Concellos asinantes, darán lugar á inmediata cesación na prestación do servizos obxecto do convenio.

#### QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Establécese unha Comisión de Seguimento que estará composta por un representante técnico de cada concello ou da concesionaria do Concello de Narón, presidido polos concelleiros de Obras de cada administración asinantes que se reunirán cantas veces sexa necesario, a petición de calquera das Administracións, para desenvolver as seguintes actuacións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.
- Incluír as novas vivendas e edificacións que se executen nas zonas delimitadas neste documento

#### SEXTA.- FORMALIZACIÓN

O presente Convenio se formalizará mediante a súa sinatura e será publicado no Boletín Oficial da Provincia.

#### SÉTIMA.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

1. O presente Convenio se extinguirá:

- a) Por mutuo acordo das partes.
- b) Por denuncia das partes cunha antelación mínima de 2 meses á data da extinción.

#### OITAVA.- VIXENCIA

Este Convenio terá unha vixencia de tres anos, prorrogándose automaticamente por períodos anuais, agás denuncia dalgunha das partes formulada cunha antelación mínima de dous meses á terminación dun dos períodos.

#### NOVENA.- RÉXIME XURÍDICO E COMPETENCIA XURISDICCIONAL

O presente Convenio de colaboración ten natureza interadministrativa, e queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público, tal como establece o seu artigo 6.1. Para a resolución das posibles dúbidas ou lagoas que puideran plantexarse na súa aplicación se estará ao disposto na normativa de procedemento administrativo común.

O Xulgado do Contencioso- administrativo de Ferrol resulta competente para coñecer en única instancia dos recursos que se poidan deducir en relación co presente convenio.

#### DÉCIMA.- ENTRADA EN VIGOR

O presente Convenio entrará en vigor, unha vez sexa aprobado polos plenos municipais e publicado o seu texto no Boletín Oficial da Provincia.

E en proba de conformidade con canto antecede, asinan dous exemplares do presente Convenio, no lugar e data indicados ut supra”.

- Anéxase o informe técnico no que se basea o convenio.
- Facultar ao Alcalde para a sinatura formal do dito convenio, así como para a xestión da súa aplicación.”

A proposta foi ditaminada favorablemente pola Comisión informativa competente.

A Sra. Muiño, toma a palabra para resaltar a conveniencia de asinar este convenio, que recolle una colaboración con Narón para mellorar a prestación de servizo en zonas próximas ó límite entre términos e supón para San Sadurniño contar cun servizo de asistencia técnica que precisamos e do que ata agora carecemos.

O Sr. Rodríguez interven brevemente para amosar a súa conformidade coa proposta.

A Sra. Trigo di que lle parece ben a idea da colaboración, pero que hai cousas que deberían estar no convenio e non están, como o réxime de posibles indemnizacións cando non se poida prestar o servizo, preguntando tamén se San Sadurniño dispón de auga suficiente para abastecer a vivendas de Narón e cando se podería iniciar ese subministro.

O Sr. Alcalde interven de seguido, indicando que o da colaboración entre concellos e algo do que se fala moito pero que en poucas ocasións se fai realmente; neste caso, dispoñendo San Sadurniño dunha EDAR cunha grande capacidade, que de feito funcionaría mellor cunha maior aportación de residuos orgánicos, e accesible para vivendas de Narón por gravidade, o que faría innecesario o bombeo que precisa no uso da outra estación de Narón, é moito mellor a prestación do servizo mediante o convenio que se propón, que ademais permitirá a San Sadurniño dispor dun asesoramento técnico a través da empresa Cosma, empresa semipública que presta os seus servizos ó Concello de Narón. En canto á suficiencia da auga para posibles abastecementos, o Sr. Alcalde di que hai suficiente para poder conectar ás vivendas de Piñleiros queo poderían necesitar, pero que eso non se contempla neste convenio, e debería ser obxecto dunha ampliación do mesmo. Polo referido á conexión, di que non se fixo aínda debido ó incumprimento pola Xunta dun compromiso adquirido no ano 2008, cando xa se presentou en Augas un proxecto realizado polo Concello cun importe duns 200.000 euros, que despois quedou sen facer cando o PP accedeu ó goberno da Xunta; di tamén que esa idea non se abandonou, e que o Concello de Narón ten feito outro proxecto á espera de conseguir financiamento da Xunta.

A Sra. Trigo interven de novo para dicir que están de acordo coa colaboración entre concellos, pero que se absterán na votación pola ausencia no texto de previsións sobre posibles indemnizacións.

O Sr. Alcalde remata o debate decindo que a proposta conta con informes xurídicos favorables tanto no Concello de Narón como neste.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de oito votos favorables, das concelleiras e concelleiros do BNG e o do PSOE, coas tres abstencións das concelleiras e concelleiro do PP, acorda aprobar a proposta da Alcaldía tal como foi fomulada.

#### **CUARTO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTA DE DÍAS FESTIVOS PARA 2021.**

Dase conta da proposta da Alcaldía en relación co asunto, que literalmente di:

##### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE FESTIVIDADES LABORAIS LOCAIS PARA 2021.**

Como todos os anos, o Concello de San Sadurniño, mediante acordo adoptado polo Pleno, ten que determinar dous días de festa local no termo municipal de San Sadurniño, de carácter retribuído e non recuperable, para o vindeiro ano.

Polo anterior, **PROPONSE** que o Pleno do Concello de San Sadurniño, **ACORDE**:

Declarar como festivos locais para o ano 2021 as seguintes datas:

16 de febreiro de 2021	Martes de Entroido
2 de xullo de 2021	Santa Isabel”

A proposta foi ditaminada favorablemente pola Comisión informativa competente. Ningunha das concelleiras e concelleiros solicita intervir.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda a aprobación da referida proposta da Alcaldía.

#### **QUINTO.- ADOPCIÓN DE ACORDOS DE POSICIONAMENTO DO CONCELLO EN RELACIÓN COA UTILIZACIÓN DO REMANENTE.**

Dase conta de dúas mocións presentadas en relación co asunto con data do 23/07/2020, unha do BNG e outra do PP, cuxos textos son os seguintes:

##### **“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL POPULAR NO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO , PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A NON APROPIARSE DOS RECURSOS DAS ENTIDADES LOCAIS**

O Grupo Municipal Popular no Concello de San Sadurniño conforme ao previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte **MOCIÓN**:

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Desde o inicio da pandemia provocada polo virus COVID-19 as entidades locais puxeron en marcha medidas -adiantándose en moitos casos ás decisións tomadas polo goberno central para conter a expansión do virus e preservar a saúde de empregados públicos e veciños. Tamén foron pioneiras en poñer en marcha medidas para paliar os efectos da crise sanitaria, social e económica derivada da pandemia.

O extraordinario esforzo realizado polos gobernos locais non se viu correspondido polo Goberno de España que non destinou un só euro a apoiar ás entidades locais na súa loita contra o virus e as negativas consecuencias do mesmo.

A única medida que tomou o goberno central é permitir que as EE.LL. poidan gastar unha pequena parte do superávit xerado en 2019 para atender gastos urxentes derivados da posta en marcha de medidas sanitarias, sociais e económicas así como para financiar gastos de investimento en vehículos eléctricos ou con etiqueta ambiental CEO ou ECO.

Unha medida que é unha medida trampa e insuficiente. Trampa porque non supón un financiamento adicional senón que as entidades locais fan uso dos seus "aforros", porque non suprimiu a obrigatoriedade de cumprir todos os requisitos establecidos na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira ( LOEPSF )-e por

tanto impide a moitas entidades locais facer uso do superávit ou lles obriga a amortizar débeda, detraendo recursos na loita contra a pandemia e os efectos da mesma- e porque ademais o goberno establece en que poden gastar ou non o seu diñeiro, o diñeiro de todos os veciños, as entidades locais.

É insuficiente porque a porcentaxe aprobada é ridícula para atender non só as actuacións urxentes, senón todas as medidas que as entidades locais puxeron en marcha, e deberán seguir poñendo en marcha nos próximos meses, para garantir a saúde e o benestar dos seus veciños.

Ante esta situación, as entidades locais -de todo signo político- a través dos órganos da FEMP e dos lexítimos representantes dos españois no Congreso dos Deputados solicitaron, en reiteradas ocasións durante os últimos meses, ao Goberno de España medidas como:

1. Flexibilizar a Regra de Gasto e resto de regras contidas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira ( LOEPSF) para que todas a EE.LL. poidan dispoñer do 100% os remanentes de Tesourería -os seus "aforros", os "aforros dos veciños"- xerados durante os últimos anos para implementar aqueles servizos e medidas que permitan actuar primeiro, contra a pandemia e despois, contra a crise sanitaria, social e económica derivada da mesma; sen poñer en risco a capacidade financeira da entidade local e sempre en coordinación coas CC. AA. e o Estado, de forma que a súa utilización para os fins descritos non compute no exercicio 2020 para o cálculo da Regra de Gasto e a Estabilidade Orzamentaria.
2. Transferencia dunha parte proporcional dos Fondos Europeos que reciba España ás Entidades Locais para poder compensar o impacto do COVID19 nos seus ingresos e gastos orzamentarios.
3. Prorrogar os prazos para que as entidades locais poidan executar os Investimentos Financeiramente Sostibles, financiadas con cargo ao superávit de 2018 ou 2019, dado que a suspensión de prazos administrativos como consecuencia do estado de alarma provocou que moitas delas non finalicen en 2020.
4. Creación dun fondo de 5.000 millóns en axudas directas e sen condicións ás Entidades Locais e de fondos específicos por valor de 1.000 millóns de euros para compensar o déficit nos servizos de transporte públicos e para cubrir o custo da colaboración das EE.LL. na xestión do Ingreso Mínimo Vital.

Ningunha destas peticións tivo resposta por parte do Goberno de España. Un goberno que, no mes de marzo, segundo puidemos coñecer pola prensa, estaba a estudar "confiscar" o superávit xerado en 2019 polas EE.LL. así como os recursos que as mesmas teñen en entidades bancarias e que, agora, pretende apropiarse dos aforros municipais mediante unha chantaxe inaceptable a todos os concellos e deputacións do noso país.

O goberno pretende que os concellos e gobernos provinciais prestémoslle "a totalidade" dos aforros acumulados durante os últimos 8 anos e, a cambio, soamente permitirálleos gastar, durante os próximos dous anos, unha terceira parte dun diñeiro que é dos nosos veciños e exclusivamente naquelas actuacións que previamente definiu o goberno.

O resto do diñeiro prestado será devolto polo goberno ao longo dos próximos 10 anos, aínda que a proposta exclúe o calendario de pagos, o que supón que as EE.LL. non poderán utilizar a totalidade dos seus aforros durante a próxima década e por tanto, a asfixia financeira dos mesmos.

Ademais, na proposta que coñecemos inclúense varias das medidas solicitadas polas EE.LL. nestes meses que só se poñerán en marcha se previamente acéptase prestar a totalidade dos aforros do municipio ou provincia ao goberno.

En resumo, unha proposta que esconde unha chantaxe inaceptable e que podería vulnerar os artigos 137 e 142 da Constitución Española, que consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira como base da xestión das entidades locais, así como varios preceptos da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta o Pleno do Concello de San Sadurniño , a adoptar os seguintes:

#### **ACORDOS**

##### **Manifestar:**

1. O compromiso do Concello de San Sadurniño, coa Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira como ferramenta que garante o correcto funcionamento das finanzas locais que permitiu a moitos concellos de España xerar os aforros que agora reclama o goberno central.
2. O profundo rexeitamento deste Concello a calquera medida tendente a apropiarse dos aforros acumulados polos veciños dos concellos e provincias, tanto de forma directa como vía subscripción de préstamos das EE.LL. ao Estado para devolver a longo prazo.

##### **Instar ó goberno de España a:**



3. Respetar e garantir a autonomía que a Constitución Española e as leis outorgan ás entidades locais para a xestión dos seus recursos, para a xestión do diñeiro público que é de todos e cada un dos españois, non dun goberno en concreto.

4. Atender as demandas das EE.LL., especialmente a referida á flexibilización da Regra de Gasto e resto de regras contidas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira ( LOEPSF) para que poidan dispoñer do 100% os seus remanentes de tesourería para a loita contra os negativos efectos do COVID-19.

5. Que si pretenden modificar algunha das leis que afectan á autonomía, facenda ou estabilidade financeira das entidades locais valide ditas modificacións no Congreso dos Deputados ou ante os órganos de goberno da FEMP, lexítimos representantes das EE.LL. e dos españois.

6. Que o Ministerio de Facenda cumpra coa totalidade do acordo consensuado por todas as forzas políticas, incluído o Partido Socialista, no seo da Federación Española de Municipios e Provincias.

Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, á Ministra de Facenda, á Ministra de Política Territorial e Función Pública, aos Portavoces de Grupos Políticos do Congreso, Senado e das Cortes e á Xunta de Goberno da FEMP."

#### **"MOCIÓN SOBRE A UTILIZACIÓN DOS FONDOS MUNICIPAIS POR PARTE DO GOBERNO DO ESTADO**

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Ante a situación de incertidume que se está a xerar nas Administracións locais galegas, desde o BNG manifestamos o **noso profundo rexeitamento a calquera tentativa de incautación ou bloqueo dos fondos municipais por parte do Estado**, xa que as necesidades estatais non poden anular as necesidades locais.

Sorprendeunos que este venres pasado a FEMP convocase unha xuntanza extraordinaria da súa Xunta de Goberno para presentar e aprobar un acordo entre o goberno de España e a FEMP para, segundp consta textualmente na convocatoria, **"contribuir desde los municipios a desarrollar una movilidad sostenible, la agenda urbana y políticas de cuidados y apoyo a la cultura"**. Baixo este eufemismo, o que este acordo agocha non é nin máis nin menos que que o estado faga unha operación para dotarse de liquidez a consta dos remanentes municipais. **(Estamos falando de que a cantidade de remanentes das entidades locais galegas estímase nuns 890 millóns de euros) A reacción de rexeitamento xeneralizado fixo que o presidente da FEMP se vira na obriga de suspender a Xunta de Goberno na que pretendía dictaminar este acordo.**

A escusa do ministerio para xustificar esta proposta en base a imposibilidade de incumprir a lei de estabilidade, a chamada lei Montoro, e que así non lle computa aos concellos como déficit, é un insulto a intelixencia. A Comisión europea acordou flexibilizar a limitación de endebedamento dos estados como consecuencia da crise da Covid. Os Estados van poder incrementar a débeda, mais segundo a interpretación do ministerio a única administración que vai poder incrementar a débeda é a Administración Xeral do Estado. A Administración Local non debe ser Estado e non vai poder incrementar a débeda, malia supoñer no caso de Galiza un 0,3% do PIB galego, e estar o límite no 3%.

En calquera caso, é fundamental garantir que a posibilidade de utilización de fondos ou endebedamento por parte dos concellos non sexa utilizado por outras Administracións para buscar financiamento e a asunción por parte das entidades locais de competencias impropias, cargando así sobre os municipios o custo de servizos que non poden nin deben ser asumidos.

Esta é unha vella demanda do municipalismo galego, e así quedou reflectido nos relatorios aprobados na asemblea xeral da FEGAMP celebrada no mes de novembro pasado e na que por unanimidade se acordou **"Demandar a flexibilización de utilización do remanente e superávit a calquera tipo de inversión que redunde en beneficio da comunidade, estendendo o ámbito temporal de aplicación e considerando a posibilidade de poder aplicar parte do mesmo en gasto corrente"**

Por todas estas razóns, o BNG demanda do Pleno da Corporación Municipal os seguintes

##### **ACORDOS**

**1. Instar á Xunta de Galiza a solicitar do goberno español a derogación da Lei de 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para permitir ás entidades locais atender as competencias propias con cargo aos remanentes e/ou superávit, así como ampliar a capacidade de endebedamento das Administracións locais para afrontar os ditos gastos.**

**2. Que a interlocución do goberno do estado cos concellos galegos se estableza a través da FEGAMP, entidade na que están representados a totalidade dos concellos galegos e as catro deputacións provinciais."**

A Sra. Muiño reitera brevemente algúns dos aspectos máis salientables da moción do seu grupo, e propón un debate conxunto das dúas presentadas.

A Sra. Trigo, tras dar lectura a algunha das proposicións contidas na parte dispositiva da moción do seu grupo, di que existen semellanzas entre ambas, que a posible derogación da lei Montoro non é de competencia da Xunta e que a FEMP tamén debe participar na negociación. Propón fusionar as dúas mocións no caso de que se acepte incorporar á proposta do BNG os puntos 4 e 6 da moción do PP, e remata sinalando a diferenza entre non deixar gastar o remanente, como facía a lei Montoro, e pretender quitarllo ós concellos como pretende a lei Montero.

O Sr. Rodríguez comeza decindo que non é un experto en financiamento local, pero entende que, como alternativa a ter os cartos depositados en bancos, sempre será mellor poder dispor alomenos dunha parte, o 35%; di que a lei Montoro segue vixente e que se o PP cambiou de opinión e agora quere derogala, sería benvido, e remata indicando que posto que hai aínda cuestións técnicas que concretar e unha negociación en marcha, se absterá na votación.

Interven de novo a Sra. Muiño, que non atopa semellanzas entre ambas mocións, máis aló do recoñecemento de que o remanente é dos concellos, que deben poder darlle uso. Tampouco coincide en que mellor o 35% que nada, porque a demanda de uso dos remanentes é de xustiza e suporía rescatar á xente e non ós bancos, liberar os aforros dos concellos para poder gastar en cousas necesarias. Amosa tamén o seu desacordo co intento de blanquear esta cuestión e di que bota en falla o Galicia Galicia da campaña do PP, cando agora parece que a Xunta non existe e o que está a facer é prantexar medidas trampa, como a facturación ós concellos dos gastos totais de funcionamento dos centros de día durante o confinamento. Ataca tamén a mala calidade do galego utilizado na moción e remata indicando que non se pode pedir a liberación dos remanentes defendendo a lei Montoro; hai que solicitar a súa derogación e a interlocución coa FEGAMP, polo que o seu grupo votará en contra da moción do PP.

## **II.- PARTE DE CONTROL E FISCALIZACIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO:**

### **SEXTO.- TOMA DE RAZÓN DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DENDE A 130/2020 ATA A 216/2020.**

Dase conta das seguintes resolucións da Alcaldía, ditadas tras a celebración da última sesión ordinaria, no pasado mes de maio:

A Corporación queda enterada das referidas resolucións.

### **SÉTIMO.- TOMA DE RAZÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2019.**

Dase conta da Resolución da Alcaldía nº 216/2020, asinada o pasado día 23 de xullo, pola que se aproba a liquidación do orzamento do Concello para 2019, que literalmente di o seguinte:

“O artigo 191 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo RDL 2/2004, de 5 de marzo e os artigos 89 e 90 do RD 500/90, do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario indican que o orzamento de cada exercicio liquidarase, en canto á recadación dos dereitos e ao pagamento das obrigas, o 31 de decembro do ano natural correspondente, quedando a cargo da Tesourería local os ingresos e pagamentos pendentes, segundo as súas respectivas contraccións.

As entidades locais deberán confeccionar a liquidación do seu orzamento cuxa aprobación correspóndelle ó presidente da entidade local, co informe previo da Intervención, e daráselle conta dela ao Pleno na primeira sesión na que se reúna.

A Secretaría-intervención municipal emite con data do 22 de xullo de 2020 informe relativo á liquidación do exercicio 2019, coas seguintes conclusións:

**“a) Resultado orzamentario:** O resultado orzamentario do exercicio ten un importe de **912.532,80 €**, polo que se cumpre o obxectivo de estabilidade; o resultado axustado cos créditos financiados con remanente e as desviacións de financiamento é positivo e ten un importe de **771.425,70 €**.

**b) Remanente de tesoureiría:** O remanente de tesoureiría proporciona, como queda dito, información sobre a capacidade do Concello para facer fronte ás súas obrigas no curto prazo. Sendo positivo, como na liquidación do Orzamento de 2019, resulta que os recursos disponibles neste curto prazo superan en importe ás débedas asumibles, no mesmo importe antes sinalado do remanente. O remanente total é de 2.234.558,53 €, o adicible a gastos xerais ten un importe de 1.796.919,29 € e o **Remanente de Tesoureiría para gastos xerais axustado, finalmente, ascende a 1.657.324,37 €.**”

Coa mesma data do 22 de xullo de 2020, a Secretaría-intervención municipal emite informe relativo á análise do cumprimento dos obxectivos de estabilidade, regra de gasto e límite de endebedamento con ocasión da liquidación do orzamento do exercicio 2019 coas seguintes conclusións:

“A liquidación da entidade local correspondente o Orzamento Xeral do exercicio 2019:

- **Cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria.**
- **Cumpre co obxectivo de regra de gasto.**
- **Cumpre co límite de débeda**, xa que a débeda viva a 31/12/19 non supera os límites legalmente establecidos.”

En consecuencia, pechado o exercicio 2019, confeccionada a liquidación do orzamento con base nos datos que constan na contabilidade e vistos os informes emitidos pola intervención municipal, en uso das competencias atribuídas á Alcaldía pola lexislación aplicable, mediante o presente

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a liquidación do exercicio 2019 confeccionada e presentada conforme coa Instrución do modelo normal de contabilidade local (Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro), da que resultan as seguintes magnitudes de carácter orzamentario:

**1.- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO CORRENTE DE INGRESOS:**

INGRESOS ORZAMENTARIOS	PREVISIÓNS DEFINITIVAS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	PERCENTAXE DE EXECUCIÓN
1.- Impostos directos	786.000,00 €	1.107.362,48 €	140,88 %
2.- Impostos indirectos	20.000,00 €	24.415,90 €	122,08 %
3.- Taxas e outros ingresos	328.000,00 €	404.463,90 €	123,31 %
4.- Transferencias correntes	1.422.763,41 €	1.561.076,10 €	109,72 %
5.- Ingresos patrimoniais	1.000,00 €	0,00 €	-100,00 %
6.- Alleamento de inversións reais	1.000,00 €	0,00 €	-100,00 %

7.- Transferencias de capital	1.170.053,27 €	828.645,96 €	74,85 %
8.- Activos financeiros	0,00 €	0,00 €	100,00 %
9º.- Pasivos financeiros	112.332,04 €	0,00 €	-100,00 %
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>3.841.148,72 €</b>	<b>3.925.963,34 €</b>	<b>102,21%</b>

## 2.- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO CORRENTE DE GASTOS:

GASTOS ORZAMENTARIOS	CRÉDITOS DEFINITIVOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	PERCENTAXE DE EXECUCIÓN
1.- Gastos de persoal	1.173.718,82 €	1.055.548,08 €	89,93 %
2.- Gastos en bens correntes e de servizos	997.427,43 €	991.168,26 €	0,37 %
3.- Gastos financeiros	1.000,00 €	0,00 €	-100,00 %
4.- Transferencias correntes	149.035,98 €	140.814,33 €	94,48 %
5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos	0,00 €	0,00 €	100,00 %
6.- Investimentos reais	1.514.966,49 €	825.899,87 €	54,52 %
7.- Transferencias de capital	5.000,00 €	0,00 €	-100,00 %
8.- Activos financeiros	0,00 €	0,00 €	100,00 %
9º.- Pasivos financeiros	0,00 €	0,00 €	100,00 %
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>3.841.148,72 €</b>	<b>3.013.430,54 €</b>	<b>78,45%</b>

## 3.- RESULTADO ORZAMENTARIO:

Conceptos	Dereitos recoñecidos netos (C1)	Obrigas recoñecidas netas (C2)	Resultado orzamentario (C3)
a) Operacións correntes	3.097.317,38 €	2.187.530,67 €	909.786,71 €
b) Outras operacións non financeiras	828.645,96 €	825.899,87 €	2.746,09 €
1. Total operacións non financeiras (a + b)	3.925.963,34 €	3.013.430,54 €	912.532,80 €
2. Activos financeiros	0,00 €	0,00 €	0,00 €
3. Pasivos financeiros	0,00 €	0,00 €	0,00 €
A Resultado orzamentario do exercicio (C1 - C2)	3.925.963,34 €	3.013.430,54 €	912.532,80 €
<b>Axustes:</b>			
4. Créditos gastados financiados con remanente de tasoureiría para gastos xerais	0,00 €	0,00 €	0,00 €
5. desviacións de financiación negativas do exercicio	0,00 €	0,00 €	0,00 €
6. desviacións de financiación positivas do exercicio	0,00 €	0,00 €	141.107,10 €
B. Resultado orzamentario axustado	3.925.963,34 €	3.013.430,54 €	771.425,70 €

## 4.- REMANENTE DE TESOURERÍA:

<b>1. (+) Fondos líquidos</b>	1.451.419,29 €
<b>2. (+) Total dereitos pendentes de cobro</b>	921.595,11 €
(+) Do orzamento corrente	313.204,76 €
(+) De orzamentos pechados	608.390,31 €
(+) Doutras operacións non orzamentarias	0,04 €
<b>3. (-) Total obrigas pendentes de pago</b>	129.062,57 €
(+) Do orzamento corrente	0,00 €
(+) De orzamentos pechados	45.119,90 €
(+) De operacións non orzamentarias	83.942,67 €
<b>4. (+) Partidas pendentes de aplicación</b>	<b>-9.393,30 €</b>
(-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	9.393,30 €
(+) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	0,00 €
<b>I Remanente de Tesourería Total (1+2+3+4)</b>	2.234.558,53 €
II Saldos de dubidoso cobro	405.202,62 €
III Exceso de financiación afectada	32.436,62 €
<b>IV Remanente de tesourería para gastos xerais</b>	1.796.919,29 €
V Saldo de obrigas pendentes de aplicar ao Orzamento ao final do periodo	139.594,92 €
VI Saldo de acreedores por devolución de ingresos ao final do periodo	0
<b>VII Remanente de Tesourería para gastos xerais axustado</b>	1.657.324,37 €

#### 5.- ESTADO DA TESOURERÍA:

1.- En Caixa	0,00 €
2.- En bancos. Contas operativas	1.451.419,29 €
3.- En bancos. Contas restrinxidas	0,00 €
4.- En bancos. Contas financeiras	0,00 €
<b>TOTAL FONDOS LÍQUIDOS (1 + 2 + 3 + 4)</b>	1.451.419,29 €

**SEGUNDO.-** Dar conta da presente resolución ao Pleno e remitir esta información en cumprimento do recollido na Orde EHA/468/2007, do 22 de febreiro, pola que se establecen as condicións xerais e o procedemento para a presentación telemática da liquidación dos orzamentos das Entidades Locais e da información adicional requirida para a aplicación efectiva do principio de transparencia no ámbito da estabilidade orzamentaria, e na Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira."

A Corporación queda enterada do contido da Liquidación de que se trata.

#### OITAVO.- ROGOS E PREGUNTAS.

##### Rogos:

O Sr. Hermida sinala que no paseo situado na zona do Muiño de Pepe hai un hundimento ó que debería poñerse

solución así coma ó socavón existente en Cornide.

O Alcalde sinala que nesa ten unha reunión co capataz da Estrada e a Enxeñeira Xefa da Demarcación de Estradas para dar solución a ese problema xa que se trata dun equipamento dunha estrada de titularidade autonómica e o que se pretende é que non se dependa, cada vez que sexa necesario reparala, poñerse en contacto co capataz ou solicitar un permiso da Xunta. A intención é aclarar a administración encargada do mantemento e aproveitar para buscar unha solución técnica á ponte que, ademais, ten un problema de accesibilidade xa que unha silla de rodas ou un carrito dos pequenos non colle. En relación ó bache de Cornide sinala que se terá en conta o rogo.

## PREGUNTAS

- **O Sr. Hermida plantexa as seguintes preguntas:**

### **¿Qué propostas veciñais se fixeron?**

O Alcalde reconece que non se facilitaron antes por mor da carga de traballo e xestións derivadas da alerta sanitaria. O Concelleiro de Participación veciñal preparará o documento que o fará chegar.

### **¿Se ten coñecemento da caseta do bus en Cornide está rota?**

O Alcalde sinala se ten coñecemento e que está en tramite co Seguro do camión que a rompeu para que a arranxen.

- **A Sra. Díaz plantexa a seguinte pregunta:**

### **¿Se tomou algunha decisión en relación ós orzamentos deste ano?**

O Alcalde manifesta que aínda que non estén aprobados, existe orzamento prorrogado do exercicio anterior. Afortunadamente non se aprobaron en tempo porque se así fose non valerían para nada dado o contexto actual. Tamén deuse a circunstancia da situación de IT do Interventor municipal que se reincorporou e ten o documento case listo. A liquidación aprobouse esta semana que tamén é un documento importante para elaborar os orzamentos e que teñan certo rigor. Entende que no próximo pleno aprobaranse os orzamentos.

- **A Sra. Trigo plantexa as seguintes preguntas:**

**O día das eleccións galegas, déronse varios casos nos que membros das mesas electorais se ausentaron. Se o problema de non aparecer fose un motivo xustificado....pero no caso da persoa de San Sadurniño que estaba nomeada non lle tiña chegado a documentación á casa. As demáis veces ía un funcionario municipal ou persoa do concello a entregala. Esta vez foi por envío postal. ¿Sábese algo de que non chegou por eso? En Lamas pasou unha situación parecida. Ó señor que lle tocaba foi votar e dixo que non lle chegara nada. ¿Quén ten responsabilidade ahí?**

O Alcalde sinala que Correos repartiu a documentación a través dos seus funcionarios. Estas eleccións foron as primeiras nas que Correos ofertou ese servizo ós concellos. No sorteo, a aplicación saca 6 suplentes e se envían á Xunta electoral. Os procesos electorais están tutelados pola Xunta Electoral e no caso de que un membro do tribunal ó que hai que notificar non se atope na casa comunicaselle e a Xunta Electoral para que decida se hai que volver a facer o sorteo. Ningunha das persoas que faltou incumpliu nada. Simplemente non lle chegou a notificación polo motivo que fora. Non foi o caso de que ninguén quixera asistir.

**O desbroce das pistas, hai zonas con queixas. Antes desbrozábbase ata abaixo da cuneta e logo co brazo. Este ano parece ser que solo se desbroza unha zona, xa que hai zonas que quedo usen desbrozar a parte alta.**

O Alcalde sinala que a previsión é desbrozar todo. O Concello conta con dous tractores traballando a xornada completa e a superficie a desbrozar e sempre a mesma. Un dos condicionantes que tamén inflúe nos traballos de desbroce é a climatoloxía. Unha parte da primavera na que se terían comezados os traballos coincidiu co COVID. Agora o que se está facendo é desbrozar con criterios de optimizar recursos. Dan bastante rápido a todo o territorio municipal e o que prevén os traballadores é que a partir do 1 de agosto se faga todo o concello a feito. En setembro finaliza o convenio coa xunta e en esa data estarán os traballos de desbroce feitos.

**En relación ó aglomerado da estrada de Castrelo a Sanguineira, que en tempo de eleccións falouse de aglomerada completa e parece ser que se parou na Veiga, ¿vaise rematar o cacho que falta?**

O Alcalde contesta que nesa pista non se decidiu arranxala coas eleccións. Esa pista está incluída no PAI do ano pasado, que se aprobou no Pleno e incluso co voto favorable do PP. O aglomerado desa pista incluía dende un punto ata outro que é o que se fixo. Se despois dese punto hai algún bache se tapará igual que o de Cornide.

**A pista dende a Casatellada hacia Igrexafeita, esfondouse xusto diante da casa dun veciño. Ten un problema grave, ¿vaise reparar?**

O Alcalde responde que efectivamente está esfondada pero que o enxeñeiro municipal estivo alí e considerou que non hai ningún peligro. Pasou en máis sitios, por exemplo, pasando a riveira ,xa que ten moita pendente. Ademáis foi zona de paso de extracción de madeira e incluso indo para o Cando degradouse en varios puntos.

**En Igrexafeita, na zona das Costeiras, hai un veciño que ten a casa pegada a pista municipal, e caen bastantes pedras da pista hacia dentro. ¿Qué solución se baralla?**

O Alcalde contesta que non e unha pista que teña moito tránsito. Os coches que pasan por esa pista solen ser os da propia casa e é unha pista bastante transitable que no seu momento quedou mal cando se construiu a autovía. Hai que arreglala pero non ten fácil solución.

A Sra. Trigo insite en que se desprenden pedras do talud que hai pegado na casa e o Alcalde manifesta que visitará a zona para ter constancia do estado e, en todo caso, levar o enxeñeiro para que valore se é problema de estabilidade do talud.

**En Camiño Arriba, dende o local social ata a Seara, hai bastantes baches, ¿vanse reparar?.**

O Alcalde afirma que efectivamente ten algúns baches, que sempre van a existir. Cando se fan os proxectos de mantemento de rede viaria é necesario priorizar.

**A pista dende Ramisqueiras hacia Ferrecha ten o pavimento levantado. Hai un veciño que intenta mantela e que lle limpa as cunetas. ¿Vaise reparar?**

O Alcalde sinala que que se personará no lugar para comprobar o estado.

**Na liquidación hai un remanente de tesourería dun millón seiscentos e pico mil euros e se permitiu utilizar un 20% para o tema do COVID, ¿qué cantidade de cartos se utilizaron e para qué sobre ese 20%?**

O Alcalde sinala que para utilizar o remanente hai que aprobar a conta xeral.

**¿Hai suficiente seguridade no Castelo de Naraío como para que suban os nenos arriba?**

O Alcalde manifesta que está sinalizado o perigo de caída. O Castelo son ruínas, e as persoas que o visitan teñen que ser conscientes de que o que están visitando son ruínas e que teñen que ter a precaución debida. Ten peligro se se deixa un cativo solo xa que non é un lugar para deixar alí un cativo solo. Ten unha sinalización, e posible que se teña que poñer máis.

**¿Cantos cartos se levan invertidos no Castelo no día de hoxe?**

O Alcalde sinala que o ROF permite facer preguntas pero que algunhas non se poden dicir de memoria. Aínda así, de fondos propios do Concello non se invertiu moito xa que se financiou maioritariamente o Ministerio de Cultura, a Xunta da época do bipartito e a Deputación. A Xunta últimamente deu sobre 5000 euros.

**¿Qué conclusións se extraen da reunión mantida cos empresarios de san Sadurniño?**

O Alcalde sinala que foi unha toma de contacto para saber as demandas do sector empresarial do Concello. Manifestouse nos plenos que había que primeiro esperar a superar a alerta sanitaria e despois actuar. Moitos concellos arbritraron medidas de apoio e recentemente aprobáronse unhas medidas de axudas ás pequenas empresas por parte da Diputación das que os Concellos teñen que aportar unha pequena cantidade. Os que xa o fixeron porán esa cantidade. Coordinadamente as cousas son millores. Esta axuda esta a piques de ser aprobada no pleno da Deputación. Está destinada a todolos Concellos da Provincia.

A Sra. Muiño aclara que a xente que está traballando, que reanudou a súa actividade, algunha das cousas que manifestaba era ter ese respaldo e dar difusión das actividades das empresas e autónomos do Concello, contribuir con eles a dar unha imaxe de actividade segura. De cara a dinamizar o consumo local, en totalas accións e actividades que se están promovendo no concello que teñan que ver cunha actividade cultural ou de desenvolvemento local incentivar dando publicidade ós establecementos e diferentes comercios do Concello. Non sempre totalas axudas se basan nunha contía económica senón con outras cousas que se están facendo a través das demandas e necesidades aportadas polos empresarios.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as vinte horas e corenta e sete minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,